

“VIII MEMORIAL MANUEL ANDÚJAR”

TORNEO DE FÚTBOL 8

CLUB DE FÚTBOL DUMBRÍA

NORMAS DE COMPETICION

TERREO DE XOGO

Os partidos disputaranse no Campo Municipal de Dumbría, de grama sintética, utilizándose para o Torneo os dous campos pequenos configurados ao ancho do terreo de xogo.

REGULAMENTO

A competición xogarase de acordo coas Reglas de Xogo de Fútbol 8.

O límite de idade segundo a normativa vixente será o seguinte:

- Pre-Benxamín: nados nos anos 2010, 2011
- Benxamín: nados nos anos 2008, 2009
- Alevín: nados nos anos 2006, 2007

Para poder participar no Torneo os xogadores deberán ser identificados mediante a presentación, antes do comenzo do partido, da correspondente ficha federativa ou Documento Nacional de Identidade.

Nota: en caso de que algún xogador sen ficha federativa se lesione a organización do torneo non se fai responsable.

Cada equipo deberá estar composto por un mínimo de 10 e un máximo de 14 xogadores. O número de xogadores en xogo por equipo será de 8. Non obstante, se por calquera circunstancia un equipo non contara con 8 xogadores para o inicio do partido, poderá facelo con 7. Se ao comezo ou durante o partido, un equipo quedara con 5 ou menos xogadores, considerarase que perdeu o partido polo resultado de 3-0. Se esta circunstancia se dera antes do comezo do encontro, de tal xeito que este non se poda disputar, considerarase como incomparecencia aos efectos previstos nestas normas.

1. SUBSTITUCIÓN DE XOGADORES

As substitucións do porteiro realizaranse previa autorización do árbitro cando o xogo esté parado.

Para a substitución de calquera outro xogador non será necesaria a autorización do árbitro, debendo realizarse estas polo centro do campo sen que, en ningún caso, o xogador que se incorpora ao equipo poida introducirse no terreo de xogo ata que o xogador substituído saia por completo.

2. EQUIPACIÓNS

Tódolos xogadores dun equipo deberán levar equipacións iguais e coa correspondente numeración. O número asignado a cada xogador antes de iniciarse o Torneo permanecerá invariable durante a competición. No caso de coincidencia de equipación, o equipo “visitante” poderá actuar con peto.

É obrigatorio disputar o presente campionato con botas multitacos de goma.

Todo equipo que se retrase 5 minutos sobre o horario establecido pola organización será sancionado coa perda do partido polo resultado de tres goles a cero.

Cada equipo deberá estar preparado para disputa-lo seu encontro en canto remate o anterior.

A organización asignará unha zona para que os equipos poidan quentar. Baixo ningún concepto se poderá quentar nos campos destinados á celebración dos partidos.

O quencemento realizarase sen balóns.

3. DURACIÓN DOS PARTIDOS

Cada partido constará de 1 periodo de 25 minutos(sen descanso) na fase de grupos en benxamíns e alevíns. As finais e 3^ªe 4^ª posto xogaranse con 2 tempos de 25 minutos nas tres categorías, con 5 de descanso.

4. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN

Na categoría alevín os dous primeiros clasificados do grupo pasarán directamente á final, os terceiros e cuartos xogarán o 3^º e 4^º posto. En categoría benxamín se clasificarán para as semifinais os dous primeiros de cada grupo e os terceiros de grupo xogarán unha final de consolación. As semifinais benxamíns serán o 1^º do grupo 1 contra o 2^º do grupo 2 e o 1^º do grupo 2 contra o 2^º do grupo 1.

5. PUNTUACIÓN

Cada partido gañado puntuarase con 3 puntos, o empate 1 e perda 0. En caso de empate a puntos primeiro se mirará o resultado entre os dous equipos implicados, segundo a diferenza de goles a favor/contra, terceiro maior número de goles marcados, de persistir o empate procederase unha tanda de 3 penaltis(ou ata o fallo unha vez efectuados) entre os equipos empatados.

6. AMOESTACIÓNS

Cada xogador, entrenador, delegado ou técnico expulsado nun partido non poderá disputar o seguinte encontro. Calquera actitude ou comportamento considerado inaxeitado poderá ser sancionado pola organización coa expulsión do Torneo (club, xogador ou parte do corpo técnico).

7. ARBITRAXE

Durante todo o torneo os partidos estarán dirixidos por colexiados pertencentes ao Comité de Árbitros da Federación Galega.

8. VESTIARIOS

A organización dispoñerá catro vestiarios. Os equipos cambiaranse e deixarán libre o vestiario, levando os bolsos e outro material a unha zona común habilitada a tal fin.

9. COMIDA

Cada grupo terá asignado un horario para o xantar. Os equipos deberán respectar este horario. O xantar será facilitado por parte da organización (pizza, hamburguesas, xeados e auga) a todos os xogadores e dous adestradores/delegados. Haberá servizo de comidas tamén para os familiares e público nas propias instalacións. Aqueles que teñan algunha alerxia ou intolerancia alimentaria deberán comunicalo con antelación suficiente.

10. PISCINA MUNICIPAL

As instalacións da piscina municipal estarán a disposición dos equipos e público para que estes poidan facer uso dela. Para isto é obrigatorio o uso de gorro de baño e chancletas. Queda totalmente prohibido zambullirse de cabeza e correr polo corredor anexo á zona de baño. A piscina estará sempre vixiada por 2 socorristas, recomendando aos delegados e entrenadores de cada equipo se fagan responsables dos seus xogadores.

Nota:

A Organización do Torneo poderá utilizar fotos e datos para a promoción do mesmo. A participación no Torneo supón a aceptación íntegra destas normas. A Organización do Torneo poderá modificalas antes ou no transcurso do campionato.